

COMISIÓN DE GARANTÍA DA CALIDADE DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE

ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 23 DE XULLO DE 2015

Acórdase por asentimento:

1. Aprobar a acta da reunión ordinaria de 8 de xullo de 2015, coas seguintes modificacións:
 - a) A proposta da Sr^a. Vicedecana de Planificación e Calidade:
 - No punto 2º da orde do día:
 - No informe número 2 engádese ao final “O día 29 de xuño recibíuse o informe provisional que será analizado no punto 5º da orde do día”.
 - No informe número 4 engádese a continuación de 23 de xuño de 2015 “Pero xa antes, por Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, revogouse a autorización para impartir dito Máster”.
 - No informe número 5 substitúese “moitos” por tres e engádese a continuación de parabéns “aos profesores D^a. Mercedes de Paula Pombar, D. Miguel Michinel Álvarez e polo acto de graduación da 3ª promoción do Grao en Dereito e o libro do XXV aniversario da Facultade de Dereito”.
 - O informe número 7 modifícase quedando redactado “Finalmente, os resultados das enquisas de satisfacción serán obxecto dunha valoración máis exhaustiva en próximas reunións da comisión de calidade. Non obstante, informa que procedeu a analizalos, e estamos por encima da media da titulación na Universidade de Vigo, da media por rama de coñecemento e da media da Universidade.
 - No punto 9º da orde do día engádese ao final “A comisión acorda, por asentimento, remitir ao Director da Área de apoio á docencia e a calidade un escrito solicitando que se remita ao centro a planificación coas datas concretas nas que se realizarán as enquisas de avaliación docente de cada profesor”.
 - b) A proposta de D. Ángel Rodríguez Escribano, no punto 11º da orde do día engádese, a continuación de aos profesores D^a. Inés Iglesias e D. Roberto Fernández, “polo seu comportamento exemplar durante a realización dos exames de cuarto curso de licenciatura da convocatoria de xullo de 2015”.

2. Acometer as cuestións pendentes dos planes de mellora do centro e das titulacións do curso 2014/2015.
3. Validar a asignación do profesorado-titor do PAT da Facultade de Dereito para o curso 2015/2016 nas titulacións de Grao e Máster e do alumnado-titor na titulación de Grao en Dereito –incluída a Simultaneidade de estudos ADE-Dereito-.
4. Validar as xornadas de acollida no Grao en Dereito –incluída a Simultaneidade de estudos ADE-Dereito- e no Máster universitario en Avogacía e do Curso 3.5 no Grao en Dereito para o curso 2015-2016.
5. Validar as “Instrucciones para a racionalización de horarios da Facultade de Dereito”.
6. Validar a ficha técnica do deseño das enquisas de avaliación de empregadores e profesionais do sector cos cales os titulados do grao realicen prácticas
7. Validar a composición da Comisión de calidade de acordo co Regulamento de réxime interno da Facultade de Dereito modificado e elevar a proposta á Xunta de Facultade.
8. Incluir na web do Máster universitario en Avogacía dun novo enlace “Profesión” con información sobre a proba de avaliación da aptitude profesional para o exercicio da avogacía.

Ourense, 24 de xullo de 2015.

Decanato
Facultade de Dereito
Universidade de Vigo
A secretaria
M^a Dolores Fernández Fustes

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión de Garantía da Calidade da Facultade de Dereito de Ourense celebrada o día 23 de xullo de 2015 se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 24 de xullo de 2015.

A SECRETARIA

M^a Dolores Fernández Fustes